

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios nas claves de sol e fa en 4ª, que incluíra as dificultades propias do 2º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios que incluíran as dificultades propias do 2º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno se lle tocará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a mesma.
3. Ditado. En Do M ou la m, que incluíra as dificultades rítmico- melódicas propias do 2º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso 2º G.E.

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos nas claves de sol e de fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

1

Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 40%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 20%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE TROMPETA

Na proba o aspirante deberá interpretar dúas obras de libre elección e unha obra ou fragmento a primeira vista, proporcionado polo tribunal.

LISTADO ORIENTATIVO DE OBRAS**Métodos**

- o Gran Método para trompeta (primeros estudios) J B Arban
- o Trompetiste en Herbe F. Daneels
- o Elementary Studies H L Clarke
- o La Trompeta, Vol. 2 Lluís Andrés, Vicent Alverola
- o Warm-ups (para el resto de cursos) James Stamp
- o The magic Trumpet Nicholas Hare
- o Embouchure builder Lowell Little

Obras

- o Piece de concours I Picavais
- o Waltz From "la perichole" P. Bigot
- o Premier Succes Picavais
- o Aria J S Bach
- o Nymphs and shepherds Purcell
- o Blue trumpet James Rae
- o Sonate en Sib Loeillet
- o Bagatelle M. Perrin

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1) Comprobar que o alumno posúe os coñecementos necesarios referentes á adopción dunha correcta posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento. 35%
- 2) Comprobar que o alumno posúe os coñecementos necesarios referentes á respiración, así coma unha correcta embocadura que posibiliten unha boa emisión, articulación, afinación e flexibilidade. 30%

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

3) Comprobar o dominio da técnica e as posibilidades sonoras do instrumento, dentro dos niveles apropiados ó curso inmediatamente anterior ó que se opta. 10%

4) Avaliar a capacidade do alumno para interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido. 25%

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.